

Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Integrados de Formación Profesional

Programación de coordinación

Coordinación: Coordinación de convivencia e benestar.

Responsable: NATIVIDAD NEIRA MATO

CIFP: DE VILAMARÍN

Curso: 2023 - 2024

Data: 19/10/2023



Índice

1	Contexto.....	3
2	Obxectivos, actividades/accións, criterios e indicadores de logro	3
3	Protocolos	4
4	Mobilidades en curso (só a cubrir pola coordinación de Programas Internacionais)	4
5	Indicadores de proceso.....	4
	5.1 Indicadores	4
1.2	Medición e análise	4

1 Contexto

O centro e a comunidade educativa.

_ O CIFP de Vilamarín é un centro educativo sito no rural no concello de Vilamarín que presenta unha oferta educativa centrada solo na formación profesional e forma parte dende agosto de 2023 da rede de CIFP de Galicia, regulados polo Decreto 266/2007, do 28 de setembro.

Cada día acolle a uns 250 alumnos e alumnas e 53 docentes que se reparten entre os diferentes ciclos e modalidades de: ordinario, modular ordinario, modular distancia e dual, pertencentes ás familias:

- Industrias alimentarias:
 - CM de panadería e bolaría.
- Agraria:
 - Oferta parcial de CM de produción agroecolóxica.
- Hostalería e turismo:
 - CS de Xestión de aloxamentos turísticos
 - CS de Dirección de cociña.
 - CS de Dirección de servizos de restauración.
 - CS de Dirección de cociña con oferta parcial de produción agroecolóxica en modalidade dual.
 - CM de Cociña e gastronomía.
 - CM de servizos de restauración.
 - CB de cociña e servizos
 - CB de actividades de panadería e bolaría.
- Ademais compartimos co Portovello o ciclo de Producción e Comercio, do que impartimos 2 módulos.

Temos alumnado de idades e realidades sociais moi diversas.

A comunidade educativa está composta polo profesorado, o persoal non docente, o alumnado e as familias, que non participan demasiado na vida do centro, ao tratarse na maioría dos casos de alumnado maior de idade, de feito hai un ANPA rexistrada fai moitos anos que non está en activo.

Este é o primeiro ano que hai coordinador de convivencia e benestar, é unha persoa profesora técnica de FP, a súa formación en materia de convivencia e benestar é escasa, pero ten interese de formarse para ter máis coñecementos e intentar aplicalos no centro.

MEDIDAS E PROTOCOLOS XA ESTABLECIDOS

Plan de convivencia.

Plan de acción tutorial.

TAREFAS

Dentro das funcións de coordinador de convivencia e benestar recollidas na orde do 23 de agosto de 2023, refléxanse:

1. Propoñer accións cooperativas e asesorar ao profesorado en dinámicas que propicien a mellora da convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.
2. Apoiar a labor do profesorado ante casos de violencia a alumnado, no propio centro ou na contorna.
3. Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos a todo o persoal dos centros educativos.
4. Promover unha alimentación saudable e nutritiva, especialmente aos máis vulnerables.
5. Promover en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento a persoa delegada da protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á axencia española de protección de datos.
6. Promover medidas que garantan o benestar da infancia e da adolescencia.
7. Fomentar o respecto polo alumnado con circunstancias de especial vulnerabilidade ou diversidade.
8. Coordinar os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais.

Obxectivos da coordinación para levar a cabo este curso:

Informar ao profesorado sobre a nova figura de coordinador de convivencia e benestar.

Informar ao profesorado sobre a guía elaborada pola consellería para o desenvolvemento do plan de benestar.

Achegar información que poida ser de utilidade para mellorar a convivencia na aula.

2 Obxectivos, actividades/accións, criterios e indicadores de logro

Obxectivo 1	Detectar conductas contrarias á convivencia
Indicador asociado	Conductas contrarias á convivencia notificadas por parte do persoal docente e do alumnado.
Actividade(s) asociada(s)	Pedir ao profesorado que traslade a xefatura de estudos ou á coordinadora de convivencia ou orientadora, calquera conducta contraria á convivencia que perciba nas súas clases. Instalar un punto laranxa físico e un virtual.
Persoas responsables de actividades	Todo o persoal docente
Metodoloxía	Información a profesorado e alumnado das canles de comunicación de conductas contrarias á convivencia.
Persoas destinatarias	Profesorado e alumnado.
Recursos previstos/Orzamento	Punto laranxa físico facilitado pola consellería. Páxina web para instalar o punto laranxa virtual. Ordenadores.
Temporalización	Todo o curso.

Obxectivo 2	Promover unha alimentación saudable e nutritiva, especialmente aos máis vulnerables.
Indicador asociado	Alumnado que participa nos almozos saudables.
Actividade(s) asociada(s)	Almozos saudables para alumnado de FPB
Persoas responsables de actividades	Profesorado colaborador.
Metodoloxía	4 días á semana ofrécese ao alumnado de FPB un almuerzo saudable, con diversas opcións de froita, sandwiches, tostadas con tomate, leite, etc
Persoas destinatarias	Alumnado de FPB
Recursos previstos/Orzamento	Materias primas para realizar o almuerzo.
Temporalización	De luns a xoves, todo o curso.

Obxectivo 3	Instaurar prácticas restaurativas como método de detección de barreiras e mellora da convivencia no centro.
Indicador asociado	Prácticas restaurativas levadas a cabo.
Actividade(s) asociada(s)	Realizar círculos de diálogo nos grupos de alumnado, entre profesorado ou persoal non docente, onde se considere necesario, para fomentar a comunicación .
Persoas responsables de actividades	Orinetadora, UACO, coordinadora de convivencia, xefa de estudos. Todo o profesorado interesado en aprender.
Metodoloxía	Realízase un círculo de diálogo, ben para tratar unha problemática concreta; ou ben propondo temas que poidan ser de interese e que nos preocupen.
Persoas destinatarias	Alumnado, profesorado, persoal non docente.
Recursos previstos/Orzamento	
Temporalización	Todo o curso.

Obxectivo 4	Detectar os distintos perfís de alumnado dentro da aula.
Indicador asociado	Sociogramas cubertos.
Actividade(s) asociada(s)	Pasar a os titores un sociograma para que o realice o alumnado.
Persoas responsables de actividades	Titores dos grupos.
Metodoloxía	O alumnado cubre un sociograma e valoramos os distintos perfís do grupo clase.
Persoas destinatarias	Alumnado do centro.



Recursos previstos/Orzamento	Abalar box. Ordenadores, internet.
Temporalización	1º trimestre

3 Protocolos

- Protocolo educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar; elaborado pola Xunta de Galicia.

3.1 Medición e análise

Farase unha análise dos resultados ao final de cada trimestre para valorar medidas correctoras no caso de que estos non sexan positivos.
